

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no acto de entrega do Premio APECSA 2018 de Divulgación do Camiño de Santiago, concedido pola Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago ao Parlamento de Galicia

Museo das Peregrinacións, 20-12-2018 // 12,00 h.

Presidente e membros da Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA),
Membros do xurado do Premio Internacional APECSA 2018,
Director-xerente da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo,
Secretaria da Mesa do Parlamento de Galicia,
Secretario xeral de Política Lingüística,
Directora xeral de Patrimonio Cultural,
Deputadas do Parlamento de Galicia,
Deán da Catedral de Santiago,
Presidentes e membros de Asociacións do Camiño de Santiago,
Presidente do Clúster de Turismo de Galicia,
Señoras e señores:

Moi bo día a todas e a todos, malia que a de hoxe sexa unha xornada luctuosa para as xentes do mar de Galicia e, por extensión, para Galicia enteira.

Estou seguro de todos os aquí presentes compartimos o abatemento derivado dos dous naufraxios rexistrados nas costas galegas durante as últimas horas. Cando aínda estabamos conmocionados polo afundimento do “Sin Querer Dous”, que se saldou con tres mariñeiros falecidos e un desaparecido, chegounos a trágica noticia dun segundo accidente marítimo, o afundimento do pesqueiro “A Silvosa”, en Malpica, no que perdeu a vida o patrón do barco. O noso sentido pésame á familia e a toda a xente mariñeira de Galicia.

Esta mañá, cando viaxaba cara a Santiago, viña pensando no infrecuente que resulta, nestes tempos de desafección, e especialmente de desafección política, que unha institución pública sexa obxecto de calquera tipo de recoñecemento.

Precisamente por iso, as miñas primeiras palabras neste acto teñen que ser, necesariamente, de agradecemento sincero á Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago polo Premio APECSA 2018 de Divulgación do Camiño de Santiago concedido ao Parlamento de Galicia.

Comprenderán vostedes a emoción que para quen lles fala reviste este acto. Son, como algúns saben, sobriño-neto do musicólogo, gaiteiro e zanfonista Faustino Santalices, que puxo música ao Romance de Don Gaiferos (maxistralmente interpretado por Amancio Prada, aquí presente, ao que aproveito para saudar), unha composición poética case tan antiga como o Camiño de Santiago e para moitos himno oficioso dos peregrinos que chegan a Compostela. Quero dicir, con isto, que o fenómeno xacobeo é unha paixón que me acompaña desde neno e que seguirei cultivando con esmero o resto dos meus días.

Grazas, de corazón, en nome propio, e, sobre todo, no nome de cantos, ao longo dos 37 anos de vida do Parlamento de Galicia (cumpridos precisamente onte) formaron e forman parte da primeira institución de Galicia, afeita a recibir críticas —fundadas, nalgunhas ocasións—, pero pouco habituada ao premios e recoñecementos públicos.

Concédesenos este premio como recoñecemento ao labor do Parlamento de Galicia en relación coa celebración do Xacobeo 93, unha celebración de extraordinario éxito que, como ben sinala a acta do xurado, marcou un punto de inflexión na posta en valor do Camiño de Santiago e do fenómeno xacobeo, non só como vía de peregrinación senón como produto turístico diferenciado que exerce desde entón unha crecente capacidade de atracción espiritual e cultural, coa conseguinte repercusión económica nas súas diferentes manifestacións.

E daquela, como en tantas outras ocasións ao longo destas case catro décadas de vida, o Parlamento de Galicia soubo estar á altura das circunstancias, ofrecendo un apoio unánime ao Plan Xacobeo 93.

Igual que fixeran con anterioridade os pais da Constitución e todos os actores que fixeron posible a exitosa transición política española, os grupos políticos representados da Cámara galega deron exemplo de diálogo e de concordia, de man tendida e de amplitude de miras para facer do Plan Xacobeo un asunto de país que transcendía os intereses particulares ou partidistas.

Por esta razón quero facer extensiva esta distinción ás deputadas deputados que integraban a Cámara no ano 1991, cando se aprobou o denominado Plan de Acción para a celebración do Ano Santo de 1993.

Daquela, o Parlamento de Galicia asumiu e enriqueceu coas súas achegas un Plan que era froito do traballo de moitas persoas, entre as que quero destacar dous nomes: Xerardo Fernández Albor, fundador do Intergrupo do Parlamento Europeo sobre o Camiño de Santiago, e promotor incansable da realidade xacobeá; e Manuel Fraga que, desde a Presidencia da Xunta, foi quen de converter o Xacobeo no que hoxe é, un acontecemento de dimensión universal. A eles, e a todos os que desde diferentes responsabilidades, como o conselleiro Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, contribuíron a engrandecer os Camiños de Santiago e a súa meta, o noso recoñecemento, que é o de Galicia enteira.

Recoñecemento, por suposto, a todos os xornalistas e estudosos do Camiño de Santiago, sen os que resultaría imposible ter acadado a enorme difusión deste fenómeno.

Recibimos tamén este premio como un acicate de cara aos retos que a institución parlamentaria ten ante si.

Acicate fronte á necesidade de seguir achegando o Parlamento á xente e que a xente veña ao Parlamento, para coñecer o que alí se fai

e seguir recuperando a súa confianza. Que nos vexan como solucionadores de problemas, en lugar de ollarnos como parte do problema.

Acicate nos momentos de dificultade, como cando nos custa albiscar puntos de encontro e chegar a acordos. Acordos que a cidadanía reclama decote e que, desde a boa vontade, e coa implicación de todas e todos, son sempre posibles.

E acicate tamén, por suposto, ante a previsible implicación parlamentaria no Xacobeo 2021, para que a totalidade da Cámara volva apoiar un proxecto que a cidadanía xa ten interiorizado como necesario e como propio. Falo dun novo Xacobeo que, ben aproveitado, volverá supoñer unha fonte de riqueza, de emprego, de creatividade, de cultura e de proxección exterior dunha dimensión nunca antes coñecida, malia as exitosas experiencias do noso pasado recente.

Que así sexa,